

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA
A MONTAXE DAS FEIRAS ORGANIZADAS POLA FUNDACIÓN DE
EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DE A ESTRADA DURANTE O ANO 2.019.**

1. OBXECTO DO CONTRATO.

1.1. O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións que rexeran a adxudicación do contrato para a montaxe, mantemento e desmontaxe de stands, mobiliario e demais mobiliario e accesorios necesarios, así como a prestación de servizos accesorios para as feiras organizadas pola Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada durante o ano 2.019.

1.2. A prestación axustarase as condicións que figuran neste prego e no das condicións técnicas.

2. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

2.1. O contrato que se perfeccione terá natureza administrativa e cualificarase como de servizo segundo o artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

2.2. O contrato rexerese polo establecido neste prego e no de prescricións técnicas, tendo ambos documentos natureza contractual, e no previsto naqueles pola seguinte normativa:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (en diante RXLCAP).
- Supletoriamente as demais normas do dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas do dereito privado.

2.3. A oferta presentada polo adxudicatario terá igualmente natureza contractual.

2.4. O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termo, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole pola Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada, que poidan ser de aplicación na execución do pactado, no eximirá ao contratista do deber do seu cumprimento.

2.5. A presente contrata adxudicarase polo PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO de acordo o establecido no artigo 159 LCSP e no expediente seguirá a tramitación ordinaria prevista nos artigos 116 e 117 do mesmo.

3. XURISDICCIÓN

3.1. As cuestións litixiosas surxidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato serán resoltas pola xurisdición civil ou calquer outra que se estime competente

4. PRAZO DE EXECUCIÓN

4.1. O prazo de execución terá como referencia o calendario de feiras previsto e aprobado polo Padroado da Fundación de Exposicións e Congressos de A estrada para o ano 2.019.

5. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

5.1. O presuposto base de licitación do contrato é o seguinte:

- a) Presuposto sen IVE: 16.000€
- b) IVE (21%): 3.360€
- c) Presuposto con IVE: 19.360€

5.2. De acordo a o establecido no artigo 101 da LCSP o valor estimado do contrato ascende a 16.000.-€, equivalente ó seu orzamento de licitación sen IVE e o importe máximo das posibles modificacións contractuais (20%) segundo o recollido na cláusula 28 de este prego e nos artigos 204 e 205 da LCSP.

6. EXISTENCIA DE CRÉDITO, IMPOSTO E REVISIÓN DE PREZOS.

6.1. A partida orzamentaria con cargo a cal se imputarán as obrigas económicas que se derivan do cumprimento de este contrato figura nos orzamentos da entidade.

6.2. O abono das cantidades correspondentes ao orzamento do contrato abonarase transcorridos 30 días unha vez presentada a factura.

6.3. A todos os efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden o IVE e os demais tributos que lle sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes, sen prexuízo de que o importe de este imposto se indique como unha partida independente de conformidade do artigo 102.1 da LCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

6.4. Dada a natureza do servizo non procederá en ningún caso a revisión do prezo do contrato e polo tanto non se aplicará fórmula de revisión algunha.

6.5. No prezo do contrato enténdense incluídos todos os costes que correspondan ao servizo, como a instalación do equipamento, transporte ou traslado ata o lugar de montaxe, homologacións técnicas, etc., así como tódolos tributos que lle sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes. En consecuencia o adxudicatario non poderá esixir o pago de cantidade algunha por estes conceptos.

6.6. No prezo do contrato o desestimento do procedemento por parte da administración compensarase a cada un dos licitadores polos gastos nos que incorrese de acordo cos criterios de valoración empregados para calcular a responsabilidade patrimonial da Fundación de Exposicións e Congressos de A Estrada, a través dos trámites do procedemento administrativo común.

7. GASTOS A ABOAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESESTIMENTO.

7.1. En caso de renuncia ou desestimento do procedemento por parte da Fundación de Exposicións e Congressos de A Estrada non haberá lugar a indemnización en beneficio dos licitadores por parte da mesma.

8. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

8.1. Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas físicas ou xurídicas, española ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das prohibicións para contratar enumeradas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica ou financeira e técnica de acordo ao establecido na cláusula 18.1 d este prego.

Simultaneamente, as persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lle sexan propios.

8.2. Poderán, asimesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente ao efecto e de conformidade co artigo 69 da LCSP. Os empresarios que concorran agrupados en Unións temporais quedan obrigadas solidariamente ante a Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada.

9. CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA

9.1. Dada a natureza do contrato e de acordo co establecido no artigo 77.1.b) da LCSP, non será necesario acreditar ningún tipo de clasificación.

Non obstante, será requisito necesario para participar na licitación do presente contrato acreditar a solvencia e económica e financeira e técnica de acordo ao establecido na cláusula 17.1.f) y g).

10. PROPOSICIÓN E DOCUMENTACIÓN.

10.1. A documentación e proposicións para participar na licitación do presente contrato deberán presentarse en TRES SOBRES coas letras A, B e C, respectivamente, nas condicións e lugares establecidos na cláusula 11.1 de este prego.

A súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condición, así como do prego de prescricións técnicas, sen excepción ou reserva algunha, así como a autorización á mesma e o órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado Membro da Unión Europea.

Dado que as propostas son secretas, arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da súa apertura.

a) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

No sobre deberá constar o seguinte título: SOBRE A: documentación xeral para tomar parte na contratación do servizo de montaxe das feiras da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada para o ano 2.019.

Dito sobre conterà a seguinte documentación:

- Declaración do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

- Documento Europeo Único de Contratación (DEUC): declaración formal que achegan os licitadores ou operadores económicos no momento de presentación das ofertas, substituíndo os certificados expedidos polas autoridades públicas ou por terceiros, e polo que se confirma que o operador económico cumpre as seguintes condicións:

- Que non se encontra en ningunha das situación de exclusión ou -posible exclusión previstas na normativa de contratos(prohibicións de contratar)

- Que cumpre os criterios de selección pertinentes (os criterios de solvencia).

Pode accederse ó formulario electrónico para a súa confección e posterior envío ó órgano contratante na seguinte dirección <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filterlang=es.O>, ou mediante a web da Consellería de facenda da Xunta de Galicia, na epígrafe da Xunta Consultiva de contratación administrativa en formato odt:

.versión en galego: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

.versión en Castelán : <http://www.conselleriadefacenda.es/é/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

Para facilitar a súa formalización, o Anexo I contén instrucións para elaborar o formulario DEUC.

No caso de que o licitador recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da LCSP, cada unha delas deberá presentar un DEUC.

Cando dúas ou máis empresas acudan a unha licitación constituindo unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia presentando ,cada un deles, un DEUC. Tamén presentarán un compromiso de constitución de unión temporal de empresarios (UTE) indicando, en documento privado ,os nomes e circunstancias dos empresarios que a suscriban ,a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarios (artigo 69 da LCSP e 24 do RXLCAP). Presentarán tamén a designación dun representante ou apoderado único da unión con poder suficiente para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato deriven ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan otorgar as empresas para cobramentos e pagamentos de contía significativa. O documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas componentes da UTE.

Ao DEUC deberá sempre xuntarse a declaración complementaria que se xunta ao presente prego como ANEXO II.

No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á disposición adicional cuarta da LCSP os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral deberán acreditar que dispoñen de tal cualificación mediante certificación do correspondente rexistro público ou documentación que a substitúa.

Ademais ,cando así se exixise na letra Q do cadro de características deste prego, este sobre tamén conterá a declaración sobre a intención de celebrar subcontratos a que se refiren os artigos 29.3b da Lei 14/2013 do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e 215.2 a) da LCSP, sinalando o seu importe, o nome e o perfil empresarial definido por referencia as condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratistas aso que se vaia a encomendar a súa realización.

a) Será suficiente con achegar unha declaración responsable do candidato indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente coa Administración (segundo modelo que figura como Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares).

b) En caso de concorrer como Unión Temporal de Empresarios (UTE) o compromiso de constitución e nomeamento dun representante ou apoderado único da UTE.

c) Manifestación expresa sobre si a empresa pertence ou non a un grupo empresarial.

Se entenderá que existe grupo empresarial cando a empresa se atope nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio. Neste caso a empresa fará constar esta circunstancia, así como o suposto concreto do mencionado artigo no que se atope incurso, para os efectos do disposto no artigo 86 do RXLCAP. Acompañar, ademais, una Relación das empresas que forman parte do grupo indicando si algunha máis se presenta á licitación (Anexo II do PCAP).

De acordo co establecido no artigo 140.4 da LCSP o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia de prohibicións para contratar esixidos, será o de finalización do prazo de presentación de proposicións e subsistir no momento de perfección do contrato.

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin de procedementos, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adjudicación, que os candidatos acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adjudicatario do contrato.

b) **SOBRE B: DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE, MANTEMENTO E DESMONTAXE DE STANDS, MOQUETA, TARIMA, MOBILIARIO E PRESTACIÓN DE SERVIZOS ACCESORIO PARA AS FEIRAS DO ANO 2.019 DA “FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DE A ESTRADA”.** Neste sobre incluírase a seguinte documentación :

-A documentación acreditativa da oferta en cada un dos criterios avaliados por xuízos de valor que se indican na letra N.2 do cadro de criterios de adjudicación do contrato.

3º **SOBRE C: DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA RELATIVA A CRITERIOS DE VALORACIÓN CUANTIFICABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS:** Deberá ter o seguinte título: **SOBRE C: documentación relativa aos criterios avaliados mediante fórmulas matemáticas para tomar parte na contratación do Servizo de Montaxe das Feiras a Fundación de Exposicións e Congresos para o ano 2019.**

Neste sobre incluírase a seguinte documentación :

-A documentación acreditativa da oferta en cada un dos criterios avaliados por fórmulas matemáticas que se establecen no apartado C do cadro de criterios de

adxudicación do contrato. No seu caso, a proposición económica se axustará ao modelo establecido que se xunta como anexo III deste prego.

A oferta debe estar asinada por quen teña poder suficiente para isto, e non debe conter erros, omisións ou obstáculos para unha interpretación correcta dela.

O importe debe expresarse claramente en números e letras. En caso de discrepancia, prevalecerá o importe reflectido en letra. Indicarase o importe IVE excluído e ,a seguir, como partida independente, o importe do IVE que deba ser repercutido. Tamén debe indicarse o tipo impositivo de IVE aplicable á prestación e o importe total da oferta.

Enténdese que a oferta económica inclúe todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato.

10.2. Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposición. Tampouco poderán subscribir ningunha oferta en agrupación temporal con outras, si o fixo individualmente, ou figurar en mais de unha unión temporal. A infracción de estas normas dará lugar á inadmisión de todas as presentadas por el.

11. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

11.1. A adxudicación levarase a cabo a través do sistema de procedemento aberto, ao abeiro do disposto nos artigos 131, 156 e 158 da LCSP.

11.2. As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada sito na Zona Deportiva S/N CP 36680 de A Estrada (Pontevedra), e no perfil do contratante da Fundación.

11.3. O prazo para presentalas remata o día 28 de Xaneiro .

12. GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

12.1. Non se esixe a constitución de garantía provisional de acordo co establecido no artigo 159.4.b) da LCSP.

12.2. O licitador que presente a oferta máis vantaxosa entregará á Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada o documento acreditativo da constitución de garantía definitiva no prazo de **oito (8) días hábiles**, equivalente ao 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto Sobre o Valor Engadido (IVE).

A garantía definitiva responderá do cumprimento íntegro polo licitador das obrigas asumidas en virtude do propio contrato.

A garantía poderá presentarse en calquera das formas establecidas no artigo 96 da LCSP, incluídos os medios electrónicos.

Non obstante, atendidas as circunstancias concorrentes no contrato, o Órgano de Contratación poderá eximir ao adxudicatario da obriga de constituír garantía definitiva.

13. PERFIL DO CONTRATANTE.

13.1. Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual e sen prexuízo da utilización de outros medios de Publicidade, os interesados poderán consultar a información referente á licitacións abertas pola Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada na súa páxina web a través da internet na dirección www.feiradomoble.com de conformidade co disposto no artigo 63 da LCSP.

14. MESA DE CONTRATACIÓN.

14.1. A mesa de contratación estará integrada da seguinte forma:

- a) Presidente: José López Campos
- b) Vocais: Fernando Martínez Barreiro
Jose Manuel Cores Touris
Consuelo Besada Lores
Lucía Pedrosa Suárez
- c) Secretario: Jorge Andión López

15. APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.

15.1. Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación procederá, en acto público, á apertura do sobre A. Este acto celebrarase o día 30 de Xaneiro as 9:00h. na Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada.

En primeiro lugar o presidente da mesa manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das descartadas e causa ou causas de non admisión de estas últimas.

As ofertas que correspondan a proposición descartadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán abrirse.

Antes da apertura da primeira proposición invitarase os licitadores interesados a que manifeste as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestación pertinentes, pero sen que nese momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admitisen de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

De ser o caso, cando a Mesa aprecie defectos emendables, outorgará un prazo de 3 días naturais ó empresarios para que os corrixa (artigo 141.2 LCSP).

15.2. En segundo lugar, a Mesa de Contratación procederá a valorar as distintas ofertas clasificándoas en orde decrecente de valoración, a cuxo efecto poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos. Cando entenda que algunha oferta podería ter valores anormais ou desproporcionados tramitará o procedemento previsto no artigo 149 LCSP e, á vista do seu resultado, propoñerá ao órgano de contratación a súa aceptación ou descarte.

Por último, formulará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor do licitador que presentará a oferta máis vantaxosa de acordo cos criterios recollidos na cláusula 16 e requirirá a este, mediante comunicación electrónica, para que no prazo máximo de 5 días naturais presente a documentación que se relaciona na cláusula 18 deste prego.

15.3. Si algunha proposición fose presentada fora de prazo ou en formato papel ou no gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese o presuposto base de licitación ou dos prazos mínimos de execución y/o garantía previsto neste prego, incluíse melloras ou variantes non previstas pola Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada, variará substancialmente o modelo establecido, ou comportara erro manifesto no importe da oferta, ou existise recoñecemento por parte do licitados de que adoece de erro ou inconsistencia que a faga inviable, será descartada pola Mesa en resolución motivada.

Se ningunha das ofertas presentadas resultara admisible, de acordo ao previsto no parágrafo anterior, a Mesa de Contratación propondrá que se declare deserta a licitación.

15.4. A presentación da oferta vincula ao contratista coa Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada de xeito que a renuncia á adxudicación do

contrato ou a execución para que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á Fundación contratante e demais consecuencias previstas na LCSP.

Toda vez que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, poderase esixir dito importe mediante o procedemento de apremio.

16. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

16.1. O contrato adxudicarase á proposta máis vantaxosa que se determinará en función dos seguintes criterios, coa ponderación que se indica:

- Criterios avaliados automaticamente (prezo): **70 puntos.**
- Criterios non avaliados automaticamente: **30 puntos.**

a) Criterios Avaliados Automaticamente: O criterio de valoración relativo ao prezo valorarase con unha puntuación máxima de 70 puntos.

A puntuación máxima asignarase á proposta máis favorable, aplicando a fórmula seguinte para as demais ofertas (sobre o prezo sen IVE ou imposto equivalente).

$$P = pm * mo / Ou$$

Onde , “pm” é a puntuación máxima, “mo” é a mellor oferta e “Ou” é o valor cuantitativo da oferta que se valora.

b) Criterios non avaliados automaticamente: Valorarase cunha puntuación máxima de 30 puntos:

- Deseño de stands: **ata 22 puntos.**
- Calidade do material: **ata 02 puntos.**
- Prazo de presentación de propostas solicitadas pola Fundación: **ata 02 puntos.**
- Servizo de mantemento e asistencia a feiras. Persoal a disposición da Fundación con presenza no recinto durante o horario de celebración das feiras: **ata 04 puntos.**

Os criterios indicados valorarase de xeito comparativo en función das características e dos servizos ofertados polos empresarios admitidos a licitación.

Para a valoración destes criterios non avaliados de xeito automático, o órgano de contratación poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos.

17. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN E ADXUDICACIÓN.

17.1. Formulada pola Mesa de Contratación proposta de adxudicación a favor do candidato que obtivese a mellor puntuación, esta requiriralle mediante comunicación electrónica para que presente no prazo máximo de 5 naturais a seguinte documentación por medios electrónicos e firma electrónica:

a) Documento acreditativo de haber constituído a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe da adxudicación, excluído o Imposto sobre o valor Engadido (IVE), por calquera dos medios a que se refire o artigo 108 da LCSP e de acordo a os modelos de aval e certificado de seguro de caución establecidos nos Anexos V e VI do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

A Fundación poderá descartar a admisión de avais e seguros de caución provintes de entidades, que se encontren en situación de mora fronte á Administración contratante a consecuencia do impago de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou

seguros de caución , e que non fosen pagados os importes correspondentes a aval ou seguros de caución xa executados 10 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. A estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no suposto de que o aval ou seguro fose descartado pola Fundación de Exposicións e Congressos de A Estrada.

b) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable, Si non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Comunidade de Europea ou signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación de un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (artículo 9 RXLCAP).

A capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior acreditaranse mediante informe expedido pola oficina económica e comercial de España no exterior no que se faga constar que o Estado de orixe da empresa estranxeira admite pola súa vez a participación de empresas españolas no contratación cos entes do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP na súa forma substancialmente análoga (artigo 68.1 LCSP)

c) A capacidade de obrar dos licitadores que fosen persoas física acreditarase mediante o Documento Nacional de Identidade (D.N.I.).

d) Código de Identificación Fiscal.

e) Poder a favor da persoa que compareza ou firme proposicións en nome de outro. Si o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil se así o establece o Regulamento do Rexistro Mercantil.

f) Os que xustifiquen os requisitos de solvencia económica e financeira mediante a acreditación do volume anual de negocios dos últimos 3 anos concluídos da licitadora. Para iso deberanse presentar as contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si o empresario estivese inscrito en dito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no Rexistro Mercantil, si o empresario estivese inscrito en dito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito e as persoas empresarias individuais, non inscritas no Rexistro Mercantil mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Para entender cumprido o requisito o volume anual de negocios, do ano de maior volume de entro os últimos 3 anos, debe ser igual o superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

g) Os que xustifiquen os requisitos de solvenza técnica mediante unha relación dos principais suministros realizados de igual ou similar natureza que as que

constitúen o obxecto do contrato durante os últimos 3 anos, debe ser igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

A os efectos de determinar si os servizos son do mesmo tipo ou natureza atenderase á coincidencia entre os dous primeiros díxitos dos seus respectivos código CPV.

h) De ser o caso, o compromiso o que se refire o artigo 75.2 da LCSP.

i) Os certificados xustificativos de estar o corrente das obrigas tributarias coa Facenda Estatal e a da Comunidade Autónoma de Galicia, así como, coas obrigas da Seguridade Social.

17.2. As persoas licitadoras que estean inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou da Comunidade Autónoma de Galicia estarán dispensadas de acreditar as circunstancias que figuren inscritas neles, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar os datos ou documentos que estime necesarios coa finalidade de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Para poder desfrutar de esta dispensa deberán habelo consignado no apartado correspondente da declaración que se recolle como Anexo I, na que se indique o concreto rexistro no que estean inscritas e o número ou código outorgado.

17.3. De non cumprimentarase adecuadamente o requirimento anterior no prazo sinalado, entenderase que a licitadora retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación á seguinte pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas, todo iso sen o prexuízo do establecido nos artigos 71, 72 e 73 da LCSP.

17.4. O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días naturais seguintes á recepción da documentación relacionada nos apartados anteriores e conterá como mínimo os extremos sinalados no artigo 151 LCSP e o nomeamento do responsable do contrato.

A adxudicación notificarase a todas e todos os licitadores participantes e simultaneamente publicarase no perfil do contratante da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada.

18. FORMALIZACION DO CONTRATO.

18.1. O contrato formalizarase en documento administrativo dentro dos 3 días hábiles seguintes á de recepción polo adxudicatario da notificación da adxudicación, en data que sinale a Fundación de Exposicións e Congresos de a estrada.

No caso de que o contrato fose adxudicado a unha unión temporal de empresas, estas deberán acreditar a súa constitución en escritura pública e NIF asignado á agrupación dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

18.2. Cando non se chegue a formalizar o contrato no prazo establecido por causa imputables ó adxudicatario, esixiráselle o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se estivera constituída, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 da LLCSP.

Si a causa da non formalización fose imputable á Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

18.3. Formalizado o contrato farase público no perfil do contratante nun prazo non superior a 3 días naturais dende o seu perfeccionamento.

19. DEBERES DO ADXUDICATARIO

19.1. O adxudicatario está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes, incluído o convenio colectivo sectorial que lle sexa de aplicación, en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde e prevención de riscos laborais. O cumprimento de esta obriga terá a consideración de condición especial do contrato aos efectos recollidos no artigo 202 LCSP, polo que será causa de resolución do mesmo, Non obstante, o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 24 do presente prego.

A os efectos de verificar o cumprimento de este deber o responsable do contrato ou o órgano de contratación poderá requirir ao contratista a documentación xustificativa que estime pertinente.

19.2. O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato e dos prazos parciais fixados na súa proposta e no propio contrato. Si chegado o final de calquera dos prazos citados o contratista incorrese en mora por causas de penalidades económicas. Estas terán a contía determinada na cláusula 24 de este prego e no artigo 193 da LCSP.

A perda da garantía ou os importes das penalidades non exclúen a indemnización por danos e prexuízos a que poida ter dereito a Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada orixinados pola demora dos contratista.

19.3. Son de conta do contratista o pago de todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato.

19.4. O contrato executarase con subxección ás cláusulas do mesmo e de acordo coas instrución que para a súa interpretación dera ó contratista a Fundación, a través do responsable do contrato ou do órgano de contratación.

19.5. Asímesmo, o contratista está obrigado a instalar pola súa conta as sinais indicativas de obras, perigo, precaución, etc., de conformidade coa normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar tódalas precaución precisas dende o comezo das obras de montaxe e instalación ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento de esta cláusula.

- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

20. INICIO DOS TRABALLOS DE DESENROLO DOS MESMOS. RESPONSABLE DO CONTRATO.

20.1. Os traballos da instalación deberán iniciarse ao día seguinte hábil da formalización do contrato en documento administrativo.

20.2 A dirección e inspección dos traballos correspóndelle ao ou á responsable do contrato que ditará as instrucións necesarias ou ao contratista para a normal ou eficaz realización daquelas de acordo ao disposto no artigo 62.1 da LCSP.

21. CARTEL ANUNCIADOR.

21.1. Na data na que comecen os traballos de subministro e instalación, o contratista queda obrigado, se procede, a colocar a súa costa un cartel anunciador de acordo ao modelo que recolle como Anexo II a este prego, redactado en lingua galega.

Transcorrido o prazo de garantía contado dende a recepción do subministro deberá proceder á retirada do cartel pola súa conta.

22. RESPONSABILIDADE DA OU DO CONTRATISTA

22.1. O contratista será responsable da calidade dos elementos subministrados así como das consecuencias que se deduzan para a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada ou para terceiros por vicios ou defectos no subministro ou a consecuencia dos traballos realizados de instalación ou reparación. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo da garantía.

22.2. A cantidade na que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de apremio administrativa.

23. PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.

Impoñeranse penalidades á ou ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) Polo incumprimento das condicións especiais do contrato. O incumprimento de calquera das condicións especiais do contrato establecidos neste prego dará lugar á imposición á ou ao contratista das seguintes penalidades:

- Como regra xeral, a súa contía será o 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso, poderán conseguir ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme o artigo 194 da LCSP.

O incumprimento pola ou polo adxudicatario das condicións especiais poderá verificarse polo responsable do contrato ou o órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo cas, comprobarase ao tempo da recepción do subministro.

b) Polo cumprimento defectuoso. Impoñeranse penalidades polo incumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Se, ao tempo da recepción, calquera dos elementos subministrados ou a súa reparación ou a súa instalación non se encontran en estado de ser recibidos por causas imputables ao contratista.
- Como regra xeral, a súa contía será do 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán conseguir ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá á ou ao contratista do deber que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.
- c) **Polo incumprimento dos criterios de adxudicación.** Impoñeranse á ou ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:
- Si, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables á ou ao contratista, incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta.
 - Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida pola ou polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultara que a súa oferta non sería a mellor valorada.
 - Como regra xeral, a súa contía será do 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- d) **Por demora.** Cando á ou o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tanto na relación ao prazo total como á dos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 193 da LCSP en canto á imposición destas penalidades.
- e) **Por incumprimento das condicións establecidas para a subcontratación.** Cando á ou o contratista incumpriran as condicións establecidas na cláusula 24 deste prego ou no artigo 215 da LCSP ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación, impoñeráselle a penalidade regulada no artigo 215.3 con suxeición ao seguinte:
- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 193 da LCSP.
 - Como regra xeral, a súa contía será do 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá conseguir ata o 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

24. SUBCONTRATACIÓN.

24.1. O contratista non poderá concretar con terceiros a realización parcial do contrato.

25. FORMA DE PAGO.

25.1. O prezo do contrato abonarase á ou ao contratista adxudicatario do subministro no prazo máximo establecido no artigo 198.4 da LCSP. A estes efectos, unha vez realizado

o obxecto do contrato e recepcionado este de conformidade da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, aquel deberá presentar no prazo trinta (30) días naturais a correspondente factura no Rexistro xeral de entrada de documentos do Rexistro da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada situado en zona deportiva s/n,36.680 A Estrada(Pontevedra) , ou ben, a través da plataforma electrónica da Consellería de Facenda . A presentación a través nesta plataforma será obrigada para todas aquelas facturas cuxa base impositiva supere os 5.000,00 euros e potestativa para o resto.

25.2. Si a factura contivese algún erro ou omisión ou non se acompañara da documentación esixida neste prego, o prazo anterior interromperase dende a notificación á ou ao contratista do requirimento de subsanación ata que aquela se presente correctamente.

25.3. Presentada a factura cos requisitos sinalados nesta cláusula procederase á súa aprobación no prazo máximo de trinta (30) días naturais dende a presentación da mesma no rexistro indicado e finalmente será aboada á ou ao contratista adxudicatario do subministro no prazo máximo de trinta (30) días naturais seguintes á data de aprobación da mesma.

26. CESIÓN DOS DEREITOS DE COBRO.

As ou os contratistas que, conforme ao anterior, teñan dereito de cobro fronte a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, poderán ceder este conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobro teña plena efectividade fronte a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, será requisito imprescindible a notificación fidedigna á mesma do acordo de cesión.

Unha vez que a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago terá que ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, os mandamentos de pago a nome da ou do contratista fornecerán efectos liberatorios.

27. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

27.1. Si durante o desenvolvemento do traballo, se detectase a necesidade da súa modificación, actuarase na forma prevista no artigo 204 a 207 da LCSP.

28. CESIÓN DO CONTRATO.

O adxudicatario non poderá ceder os dereitos dimanantes deste contrato.

29. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

29.1. Serán causas de resolución do contrato, ademais das establecidas nos artigos 211 e 306 da LCSP, as seguintes ao ter a consideración de obrigas especiais do contrato:

a) O incumprimento dos dereitos en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde e de prevención de riscos laborais.

b) O incumprimento das condicións establecidas para a subcontratación.

Non obstante, o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 23 deste prego.

29.2. Os efectos da resolución serán os previstos nos artigos 212, 213 e 307 da LCSP e 109 a 113 do RGLCAP.

30. ENTREGA, ACTA DE RECEPCIÓN E LIQUIDACIÓN DO CONTRATO.

30.1. Realizado o obxecto do contrato, o contratista comunicarllo ao órgano de contratación e dentro do prazo máximo de un mes, contados dende esta comunicación terá lugar o acto de recepción do mesmo ao que se será citado o contratista.

Durante este prazo, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada poderá realizar as comprobacións que considere oportunas e de non observarse defecto algún, procederase á firma da correspondente acta de recepción. En caso contrario, isto é, si se atopa algún defecto nos elementos subministrados ou na súa instalación, daranse as instrucións precisas á ou ao contratista para que emende os defectos observados ou proceda a un novo subministro ou instalación de conformidade co pactado, outorgándolle un prazo para elo, sen prexuízo das penalidades que se lle poidan impoñer e a indemnización dos danos e prexuízos que iso lle cause á Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada ou aínda a resolución doo contrato de acordo ao disposto nas cláusulas 23 e 29 deste prego.

30.2. Ao acto de recepción deberá asistir un representante da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, a ou o responsable do contrato e o representante da ou do contratista, as efectos de comprobar que reúne todos os requisitos do prego de condición técnicas, do de cláusulas administrativas e da oferta presentada por este último.

30.3. De ser preciso, no prazo máximo de trinta días naturais dende a acta de recepción aprobarase a liquidación do contrato que será notificada a ou ao contratista.

31. PRAZO DE GARANTÍA E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

31.1. Con carácter xeral o prazo de garantía será de dous (2) anos, ou maior si así o ofertase a ou o contratista, contados dende a firmeza da acta de recepción. Si durante ese prazo se houberse acreditado a existencia de calquera vicio, defecto, fallo ou carencia nos elementos subministrados o una súa instalación, terá dereito a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada reclamar a ou ao empresario a reposición dos elementos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos si fose suficiente.

31.2. Si a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada estimase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido a consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables a ou ao contratista, estarase ao disposto no artigo 305.3 da LCSP.

31.3. Rematado o prazo de garantía sen que a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada formalizase algún dos reparos ou a denuncia á que se refiren os apartados 1 e 3 do artigo 305 da LCSP, a ou o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados, instalados e/ou reparados e procederase á devolución da garantía definitiva no prazo máximo de dous meses, previo acordo que se lle notificará.

32. CONFIDENCIALIDADE

Sen prexuízo das disposicións da LCSP relativas á publicidade da adxudicación e a información que debe darse as ou aos licitadores estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as súas ofertas, en especial con respecto aos secretos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento, todo isto de acordo co establecido no artigo 133 da LCSP.

De acordo ao previsto no artigo 133.2. da LCSP, a ou o contratista debe respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato que pola súa natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento da información.

33. INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN, RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

O órgano de contratación ostenta as prerrogativas de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificar por razón de interese público os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei 9/2017, de 9 de novembro, de contratos do sector público e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

Os acordos que dite o órgano de contratación no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución serán inmediatamente executivos.

34. CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada

Zona Deportiva S/N

CP: 36680 de A Estrada

Pontevedra

Teléfono: 986573406

Mail: fecae@feiradomoble.com

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE E DE OFERTA

- DENOMINACIÓN DO CONTRATO:
- DATOS DA PERSOA DECLARANTE:
 - Nome e apelidos ou razón social:
 - NIF ou CIF:
 - Dirección postal:
 - Dirección electrónica habilitada para notificacións:
- DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE:
 - Nome e apelidos:
 - NIF:
 - Teléfono:
 - Fax:
 - Cargo:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE,

Primeiro. Coñezo e acepto cantas obrigas se deriven do Prego de cláusulas administrativas e particulares e do Prego de prescricións técnicas do presente contrato.

Segundo. Posúo a representación da sociedade que presenta a oferta.

Terceiro. Conta coa axeitada solvencia económica, financeira e técnica ou, de ser o caso, a clasificación correspondente.

Cuarto. Conto coas autorizacións precisas para exercer a actividade.

Quinto. Non estou inmerso ou inmersa, ni a entidade á que represento tampouco nin ningún dos seus administradores ou representantes, en ningún dos supostos enumerados no artigo 71 da LCSP.

Sexto. Para acreditar a solvencia esixida (marque o que proceda cunha X),

Non vou a recorrer as capacidades de outras entidades.

Si vou a recorrer as capacidades doutras entidades e comprométome a dispoñer dos recursos precisos e así o acreditarei, cando sexa requirido ao efecto pola Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, mediante a presentación do compromiso por escrito de estas entidades.

Sétimo. Son unha empresa estranxeira? (marque o que proceda cunha X),

Non.

Si, e polo tanto sométome á xurisdición dos xulgados e tribunais españois en calquera orde, para todos os incidentes que de xeito directo ou indirecto me

poidan xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderme.

Octavo. A entidade á que represento atópase inscrita no Rexistro de licitadores que se indica (marque o que proceda cunha X) e que as circunstancias da entidade que nel se reflexan son exactas e non experimentaron variación algunha a día de hoxe:

Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, número.....

Rexistro Oficial de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, número.....

Noveno. Que a entidade á que represento (marque o que proceda cunha X),

Non pertence a ningún grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence ao grupo de empresas denominado

ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social e CIF das empresas vinculadas son:

1.....

2.....

3.....

Décimo. Comprométome á realización do obxecto do contrato:

A) Cun incremento do prazo de garantía sobre o previsto na cláusula 32 do prego de administrativas de (expresado en anos e só en número).

B) Por un prezo total de (só en número):

a) Prezo sen IVA:

b) IVA (.....%):

c) Prezo con IVA (a + b):

Décimo primeiro. Declaro que no persoal desta empresa a porcentaxe de traballadoras e traballadores:

A) Con discapacidade ou en situación de exclusión social é de% e que deles o% son fixos.

B) Con contratos temporais é de%.

C) Que son mulleres é de%.

Lugar, data e sinatura electrónica.